

A ACTIVIDADE

Os obradoiros (catro) desenvolvéronse durante o día 11 de xullo de 2007 como parte das actividades diarias das mozas e mozos presentes no campamento. De seguido preséntase a información concreta de cada un, a planificación previa da actividade e os resultados obtidos:

1. CON POESÍA PÓDESE FALAR DE CALQUERA COUSA

Obxectivos

- Refexionar sobre a linguaxe poética como medio de expresión
- Afondar nas fronteiras da poesía como xénero
- Buscar a poesía no cotián

Accións

A acción desenvolverase en tres momentos. Primeiro presentarase a sesión e logo comezará a metodoloxía de traballo nas seguintes fases:

a) Que é a poesía?

Faremos unha choiva de ideas sobre o que é a poesía para ver as ideas preconcebidas que as participantes teñen sobre este xénero.

b) Palabras encadeadas

A través do xogo das palabras encadeadas, en 4 grupos comporemos un poema, cada grupo terá que facer un verso coa primeira palabra dada pola facilitadora da sesión.

Farase unha avaliación e lectura dos textos producidos.

Resultados agardados

- Reafirmación da poesía como algo próximo e como vía de expresión para a mocidade
- Avaliación do cotián como material poético

2. UNHA NOVELA É COMA UN VIDEOXOGO (só que mellor)

Obxectivos

-Afondar no proceso de creación de personaxes

Accións

Presentarase a actividade e dividirase o grupo en 4. Cada grupo terá que desenvolver catro personaxes de forma completa (aspecto físico, traballo, vida, etc).

Traballaremos os estereotipos de xénero:

- Un grupo traballará con catro personaxes femininas
- Un grupo traballará con catro personaxes masculinas
- Un grupo traballará con dúas personaxes femininas e dúas masculinas
- Un grupo traballará cunha ovella, unha vaca, unha cadela e unha galiña

Poñeranse en común as personaxes desenvolvidas e analizaranse os estereotipos que puideran terse dado.

Resultados agardados

- Contemplarase a creación de personaxes como un elemento básico da narración
- Analizaranse os estereotipos de xénero na literatura.

3. PERSONAXES DADAS, HISTORIAS INVENTADAS

Obxectivos

- Utilizar personaxes creados por outras persoas para crear unha historia
- Reforzar a literatura como un traballo colectivo e intertextual

Accións

Presentarase a actividade. O grupo xeral dividirase en catro e repartiranse os personaxes definidos polo grupo anterior. A partir de aí as participantes terán a posibilidade de crear a historia que lles pareza.

Resultados agardados

- Entender a literatura como actividade social colectiva
- Abrir a porta a relectura dos personaxes e historias preestablecidas

4. UNHA IMAXE VALE MÁIS CA MIL PALABRAS?

Obxectivos

- Utilizar a imaxe como base do texto literario
- Falar das múltiples interpretacións da realidade que facemos as persoas e desmitificar a “obxectividade” da imaxe fronte á palabra

Accións

Presentarase a actividade. Dividirase o grupo en catro e cada un terá que facer un texto narrativo ao redor da imaxe asignada. Primeiro artellarán a estrutura narrativa, definirán brevemente os personaxes, de habelos, e finalmente plasmarán por escrito aquilo que lles inspirou a imaxe.

Posta en común e avaliación.

Resultados agardados

- Aprenderase a deseñar unha historia con base na imaxe.